

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 29 de abril de 2022
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día vinte e nove de abril do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31645.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de abril 2022.

2.31646.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE ADMISIÓN DE MENORES EN RÉXIME DE CENTRO DE DÍA EN PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O CURSO 2022/2023.
(Expte. 2022007598)

No ano 1976 foi inaugurada a Cidade Infantil Príncipe Felipe (en diante CPF) da cal é titular a Deputación de Pontevedra, tendo pleno dominio dos terreos e construcións que a conforman, está sita na Avda. Montecelo en Pontevedra, no recinto se albergan diferentes edificacións.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.



As peculiaridades derivadas da propia historia (pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente) explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de Centro con fogares.

Resultando que por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG 18/12/2008), e mais no Decreto 329/2005, de 28 xullo, (DOG 16/8/2005) polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, inscrito, no ano 2007, no *Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais* co número E-1340, cumprindo coas previsións do Decreto 329/2005 recollido anteriormente e, polo que se creou no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Centro de Día.

O dito Centro de Día presta un servizo de acollemento residencial diúrno a través do cal se procura preservar e potenciar a integración familiar natural como primeiro e principal recurso de protección, ademais de garantir a atención diaria e atender as necesidades básicas e integrais dos menores da provincia de Pontevedra.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime de Centro de Día da correspondente convocatoria anual para o curso 2021/2022.

O custe estimado para a prestación deste servizo no relativo á alimentación diaria para os 106 establécese a razón 3,22€/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, ascendería a cantidade estimada de 75.090,40 euros.

Para os efectos orzamentarios a aprobación destas bases e posterior admisión de alumnos implicaría un gasto estimado durante o exercicio 2022 de 30.036,16€ euros que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 22/232.2312.221.05- *Produtos alimenticios*. O gasto para o exercicio de 2023 estímase en 45.054,24 euros e quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a dita anualidade.

Resultando que, con data 19/04/2022, o Sr. Secretario Xeral contesta a petición de solicitude do centro xestor sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo.



Visto o informe emitido polo Sr. Interventor, de data de 20/04/2022, o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2023 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Considerando o disposto nos artigos 34-1 f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, así como as bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16.2 onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a autorización e compromisos dos gastos que recollen as presentes bases.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases de admisión de menores no Centro de Día de Príncipe Felipe para o curso 2022/2023.

2. Autorizar o gasto polo importe estimado de 30.036,16€ para o exercicio 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 221/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas para a anualidade 2023, por importe estimado de 45.054,24€, quedarán condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

3. Iniciar o procedemento de admisión de menores no Centro de día de Príncipe Felipe para o curso 2022/2023, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte hábil a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)*.

4. As Bases de admisión de menores no Centro de Día de Príncipe Felipe para o curso 2022/2023 figuran no expediente co CSV:MQK7VL125AWO60OJ.

3.31647.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGÓN NAS ALDEAS DE VAL, AGRA E CIMA DE VILA”.
(Expte.2022011682)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Inversións dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de inversións, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar inversións de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Inversións, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022010376, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Agolada* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 83.600,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON NAS ALDEAS DE VAL, AGRA E CIMA DE VILA*”, cun orzamento que importa 83.600,00 euros, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos Propios- €
2022	83.600,00	83.600,00	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	83.600,00	83.600,00	0,00	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, ademais da declaración responsable a Augas de Galicia que foi presentada polo concello ante dito organismo, precisa da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 11/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 22/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Agolada*, CIF: P3602000F a cantidade de 83.600,00 euros con destino ao financiamento do investimento “*MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON NAS ALDEAS DE VAL, AGRA E CIMA DE VILA*” (exp: 2022011682) cun orzamento que importa 83.600,00 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	83.600,00	83.600,00	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	83.600,00	83.600,00	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Agolada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.31648.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUSTITUCIÓN DE SANEAMIENTO EN CAMIÑO REAL”.
(Expte.2022006184)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecvente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 08/02/2022 por rexistro WEB2022004975, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Caldas de Reis* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 74.628,15 euros, con destino ao financiamento do investimento “SUSTITUCION DE SANEAMIENTO EN CAMIÑO REAL”, cun orzamento que importa 74.628,15 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos Propios- €
2022	74.628,15	74.628,15	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	74.628,15	74.628,15	0,00	0,00

O concello solicita expresamente que, o importe total que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 2 que importa 52.120,12 euros, e o sobrante da Liña 3, sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1-Investimentos, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-23 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2 e 3 para facer investimentos (liña 1).



Consta no expediente certificado relativo á aprobación de alta no inventario de bens municipais do camiño sobre o que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, ademais da autorización de Augas de Galiza e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que xa figuran no expediente, precisa da autorización sectorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación (Servizo de Enerxía e Minas), aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

O concello non aporta a acta de trazado previo debidamente cumprimentada (Anexo III), nin á aprobación do proxecto presentado por non contar coa autorización indicada, debendo o concello realizar a súa aportación (autorización sectorial, anexo III e aprobación do proxecto) xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e



vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 21/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 21/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G a cantidade de 74.628,15 euros con destino ao financiamento do investimento “*SUSTITUCION DE SANEAMIENTO EN CAMIÑO REAL*” (exp: 2022006184) cun orzamento que importa 74.628,15 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos Propios- €
2022	74.628,15	74.628,15	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	74.628,15	74.628,15	0,00	0,00

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Economía, Empresa e Innovación (Servizo de Enerxía e Minas) por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, así coma a aportación da resolución ou o acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21^a.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Caldas de Reis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.31649.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN VLAIS MUNICIPAIS 2022-2023”.(Expte. 2022010311)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5^a.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009505, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Cangas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 169.901,31 euros, con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTACION VLAIS MUNICIPAIS 2022-2023”, cun orzamento que importa 200.071,20 euros, sendo a achega municipal de 30.169,89 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	200.071,20	169.901,31	0,00	30.169,89
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	200.071,20	169.901,31	0,00	30.169,89



Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre o que se pretende actuar, así como informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (Costas Estado), Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de Augas de Galicia, aportando ao efecto a súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 31/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 18/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A a cantidade de 169.901,31 euros con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTACION VIAIS MUNICIPAIS 2022-2023” (exp:2022010311) cun orzamento que importa 200.071,20 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	200.071,20	169.901,31	0,00	30.169,89
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	200.071,20	169.901,31	0,00	30.169,89

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (Costas Estado), da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de Augas de Galicia, por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.31650.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN ECOLÓXICA RÚA DE FORA-DONON”.(Expte.2022010317)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009514, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Cangas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 158.508,80 euros, con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTACION ECOLOXICA RUA DE FORA-DONON”, cun orzamento que importa 158.508,80 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a carga do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	158.508,80	158.508,80	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	158.508,80	158.508,80	0,00	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, ademais da autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IET-POL) e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (Rede Natura 2000) que xa son aportada e a súa vez non son necesarias, precisa da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Patrimonio), aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- Consideracións xurídicas:
Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/04/2022, e da xefa do



servizo de Cooperación de data 18/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 19/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A a cantidade de 158.508,80 € con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN ECOLÓXICA RÚA DE FÓR-ADONON” (Expte.2022010317) cun orzamento que importa 158.508,80 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargos do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello-€
2022	158.508,80	158.508,80	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	158.508,80	158.508,80	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Patrimonio), por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31651.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE COIRO CANGAS”.(Expte. 2022010293)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta



cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009481, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Cangas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 167.350,68 euros, con destino ao financiamento do investimento “REHABILITACION DO CEMITERIO MUNICIPAL DE COIRO-CANGAS”, cun orzamento que importa 167.350,68 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	167.350,68	167.350,68	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	167.350,68	167.350,68	0,00	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con algunha autorización para executar o investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.



Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral



do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 19/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A a cantidade de 167.350,68 € con destino ao financiamento do investimento “*REHABILITACION DO CEMITERIO MUNICIPAL DE COIRO-CANGAS*” (Expte. 2022010293) cun orzamento que importa 167.350,68 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	167.350,68	167.350,68	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	167.350,68	167.350,68	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.31652.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE A LAMA NO PLAN CONCELLOS 2020 LIÑA 1- INVESTITENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE FINALIZACIÓN DEL ACONDICIONAMIENTO Y AMPLIACIÓN DEL EDIFICIO DEL CONCELLO DE A LAMA” (Expte. 2022018143).

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.



Este Plan aprobado baixo o procedemento de concorrència non competitiva, está dotado con vinte nove millóns setecentos mil euros (29.700.00,00 euros) para a Liña 1. Investimentos en obras e servizos de competencia municipal, na aplicación orzamentaria 20/942.9425.762.45 da Deputación para este exercicio.

Estas cantidades repártense entre os concellos en base ao grupo ao que pertencen, en proporción á poboación, superficie, aos núcleos de poboación e a densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos, segundo as porcentaxes indicadas nas Bases para cada grupo de concellos.

Mediante Resolución Presidencial de 03/01/2020, núm. 2020000208 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

Para a Liña 1 da subvención cada concello destinará unha porcentaxe mínima sobre a contía asignada no 2020, sendo esta a do 70,38%.

Segundo a Base Oitava do Plan Concellos 2020, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (planeamento urbanístico e estudos de planificación estratéxica) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 LBRL.

Han de ser investimentos nos que o *Concello* teña a propiedade do ben, das instalacións ou dos terreos ou sexa o cesionario destes. A cesión terá que ser, como mínimo, por cinco anos e deberá cubrir, cando menos, o 75 % da vida útil do investimento.

Se os proxectos para a súa realización precisasen autorizacións da Deputación ou doutras administracións públicas, o Concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou xuntando os correspondentes documentos. Neste caso a subvención é condicionada.

Os investimentos han de ter un orzamento igual ou superior a vinte mil (20.000,00 euros), incluído o IVE. No caso das subministracións, que deberán ter un carácter singular e natureza inventariable, o importe de cada expediente de solicitude será como mínimo de 5.000,00 euros. O orzamento pode agrupar conceptos subvencionables de distinta natureza.

É subvencionable a compra de bens ou equipamentos relacionados coa prestación de servizos municipais. O resto das subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo deberán integrarse nun proxecto de investimento. Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables.



Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.13.29704, concedeuse ao Concello de A Lama, unha subvención por importe de 180.000,57 euros con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento e ampliación do edificio do concello de A Lama*” (Expte.:2020054875), cun orzamento polo mesmo importe.

En data 30/03/2022, con rexistro WEB2022017852, o Concello remite resolución de alcaldía na que solicita a modificación da subvención concedida como consecuencia da resolución do contrato coa empresa adxudicataria.

O novo importe da subvención será 58.830,39 euros, cantidade que se corresponde coas actuacións levadas a cabo antes da resolución do contrato.

Con cargo ao crédito dispoñible por mor da minoración da subvención, o Concello solicita subvención por importe de 85.592,69 euros con destino ao financiamento de “*Obras de finalización del acondicionamento y ampliación del edificio del Concello de A Lama*” (Expte.:2022018143), cun orzamento polo mesmo importe. O importe da subvención será de 82.883,32 euros para execución material, 2.187,00 euros correspondentes a honorarios de dirección de obra e 522,37 euros correspondentes a honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.40.31635, do 22/04/2022, aprobase a desistencia parcial do investimento “*Acondicionamento e ampliación do edificio do concello de A Lama*” (Expte.:2020054875), deixando crédito por importe de 121.170,18 euros na correspondente aplicación orzamentaria.

Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).



- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigos 17 e ss. da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión mediante concorrencia.
- Bases reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2020 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base reguladora 5ª e 6ª do Plan Concellos 2020, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2020 que recollen a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, que dispón que “na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia”.

Procedencia económica da subvención:

- A importancia das subvencións para os entes locais, como instrumento basilar ao gallo de poder levar a cabo o exercicio efectivo das competencias asumidas e atribuídas segundo o ordenamento xurídico, ben a ser destacado no propio Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril), artigo 49. E é unha técnica administrativa de fomento, é dicir, unha forma de actividade á que pode acudir calquera Administración Pública.
- Ase mesmo, a Carta Europea (Estrasburgo 15/10/1985), artigo 9, recolle as subvencións para facer efectivos os principios de suficiencia e autonomía financeira. Polo que se refire ao primeiro, sinala o dereito destas entidades a ter recursos propios suficientes que, ademais, han de ser proporcionais ás competencias previstas pola Constitución ou pola lei. Plasma, ademais, un principio de autonomía financeira que se manifesta tanto na vertente dos gastos como dos ingresos, e consagra o carácter predominante non finalista das subvencións que perciban doutras administracións. Circunstancia esencial e que xa se amosou cando o propio concello presentou a solicitude da subvención ao acubillo do Plan concellos 2020 por canto é o xeito de que exercite a súa autonomía. E a autonomía non se logra sen a suficiencia económica, Sentenzas do Tribunal Constitucional de 179/1985, de 19 de decembro e 111/2016, de 9 de xuño.
- O artigo 1 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, combina os mesmos principios en atención eficiencia e estabilidade financeira atados ao principio de máxima proximidade da xestión á cidadanía, lexitimando a actividade pública local cando o eido municipal é o máis acaído para a prestación.
- Por último, é cometido da Deputación Provincial, artigo 36.1.2 da LBRL 7/1985, asegurar o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e a maior eficacia e economía na prestación destes. Trátase de acadar o correcto equilibrio entre a autonomía local, a participación dos entes municipais nos asuntos que lle afecten directamente,



a satisfacción uniforme dos cidadáns no acceso aos servizos públicos de xeito equitativo, xunto co respecto aos principios de descentralización, proximidade, eficacia, e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Velá a importancia da subvención vertebrada no Plan Concellos, pois así se cumpre o dereito fundamental da igualdade con independencia do concello no que se resida, art. 36 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, co acceso aos servizos de interese económico xeral.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 30/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 25/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe favorable da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Lama*, CIF.:P3602500E, a cantidade de 85.592,69 € con destino ao financiamento do investimento “*Obras de finalización del acondicionamiento y ampliación del edificio del Concello de A Lama*” (Expte.2022018143), cun orzamento polo mesmo importe.
- O importe da subvención contempla 82.883,32 € para execución material, 2.187,00 € correspondentes a honorarios de dirección de obra e 522,37 € correspondentes a honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2020, aprobadas por acordo plenario de 29 de novembro de 2019 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02 de xaneiro de 2020 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. Xunto coa documentación xustificativa o Concello de A Lama deberá acreditar a dación en conta ao pleno da concesión da axuda outorgada pola Deputación.
- Asemade, conforme o acordo núm.7.7705 do Pleno Provincial que aproba a prórroga do Plan Concellos 2020, o investimento deberá estar executado na súa totalidade en data 31/07/2022 e xustificado, na súa totalidade, a 31/08/2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Lama*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia



9.31653.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DOS SERVIZOS NA AVENIDA DA CORUÑA (MARXE ESQUERDA DA N-550) EN VALGA”.
(Expte.2022009433)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 22/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Valga* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 225.437,37 euros, con destino ao financiamento “*Mellora dos servizos na Avenida da Coruña (marxe esquerda da N-550) en Valga*”, cun orzamento por importe de 225.437,37 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	225.437,37	225.437,37	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	225.437,37	225.437,37	0,00	0,00

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra. O Concello acredita que a solicitou ante o organismo correspondente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 18/04/2022.



Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán



distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 18/04/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* CIF P3605600J a cantidade de 225.437,37 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora dos servizos na Avenida da Coruña (marxe esquerda da N-550) en Valga*” (Expediente:2022009433) cun orzamento polo importe de 225.437,37 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	225.437,37	225.437,37	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	225.437,37	225.437,37	0,00	0,00

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Unidade de Estradas do Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Valga deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.31654.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “REPARACIÓN DE CUBERTAS E FACHADA NA ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA DE POIO, PONTEVEDRA”. (Expte. 2021050993).

Resultando.- A Escola de Cantería, dependente da Deputación de Pontevedra, situada na rúa Illa Santo nº2, no termo municipal de Poio, parcela con referencia catastral 36041A035060000001PU; imparte a formación de Cantería e Mestre de Cantería. A finalidade desta institución é conservar e promocionar un dos oficios máis nobres e antigos de Galicia, para ensinar o arte de traballar a pedra.

Resultando.- A Dirección da Escola de Canteiros traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de resolver os problemas de estanquidade e filtracións de auga actuais, que provocan humidades na zona de aulas do edificio. Para iso, proponse acometer obras de reparación na cuberta así como de mellora nas fachadas, para dar resposta ás deficiencias e problemas existentes.



Resultando.- Que na súa consecuencia, con data 15/11/2021 recíbese no Servizo de Contratación informe da xefa do Servizo da Escola de Cantería e da xefa do Servizo de Arquitectura coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando que se inicien os trámites oportunos para á aprobación do Proxecto técnico de *“Reparación de cubertas e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería de Poio”*.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo Enxeñeiro Industrial adscrito a Estudo Capitel, Francisco Javier de la Puente Crespo, o proxecto técnico da obra *“Reparación da cuberta e fachada na zona das aulas da Escola de Cantería de Poio, Pontevedra”*, cun orzamento base de licitación de 370.000,00 € IVE incluído.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto emitido pola arquitecta Sara Piñón Esteban e a arquitecta técnica Verónica Chaves González, pertencentes ambas ó Servizo de Arquitectura da Deputación.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200003102, por importe de 370.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/324.3243.632.02.2021 do vixente orzamento provincial, quedando acreditado polo tanto, a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/12/2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra *“Reparación de cubertas e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería de Poio”*, redactado polo enxeñeiro industrial D. Francisco Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación de 370.000,00 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): 3Y83FO7IOD7SJ8EG.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Vicesecretario da Deputación, que recolle o seguinte: *“...estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe...”*

Resultando.- Que con data 11/04/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*



Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio.

CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidencia, superen o importe de dous centos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Reparación de cubertas e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería de Poio”, cun orzamento base de licitación de 370.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	305.785,12 €
IVE (21%)	64.214,88 €
Importe total	370.000,00 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o (CSV) P86YBTMUOB5JX7U1, e o de prescricións técnicas con (CSV) 3Y83FO7IOD7SJ8EG, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 370.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/324.3243.632.02.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

11.31655 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE “ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN”.
(Expte.2021062944)

De acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario.

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais é o servizo da Deputación de Pontevedra que ten encomendado o desenvolvemento das obras civís nas estradas da súa titularidade, de calquera tipo, que dan lugar a necesaria xestión de residuos de construción e demolición, polo que se fai preciso iniciar a presente contratación en cumprimento do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.



Para cubrir dita necesidade, mediante informe de data 07 de febreiro de 2022, o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa confirmade do Deputado Delegado, solicita que se inicien os trámites para contratar unha empresa especializada ao non dispoñer o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais dos medios persoais e materiais para levar a cabo os traballos recollidos no PPT, para unha estimación dun máximo de 15 asistencias técnicas anuais.

Xunto co informe, o servizo achega o prego de prescricións técnicas que rexerá, no seu caso, a pretendida contratación.

Asemade, na memoria xustificativa, de data 22 de abril de 2022, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos suxeito, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral en data 23 de febreiro de 2022.

Con data 22 de abril de 2022 a Intervención informa favorablemente o expediente, precisando que *“1.-A pesares do recollido nos informes emitidos polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para a xustificación da insuficiencia de medios que constan no expediente, sinalar que nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación se recolle especificamente para os contratos de servizos que: “Nos contratos de servizos xustificárase a imposibilidade de realizar o obxecto do contrato con medios persoais e/ou materiais propios por non dispoñer destes, coa conveniencia de non amplialos, analizándoo beneficio de acudir a unha contratación externa”, polo que, co recollido en ditos informes, esta non se entende debidamente xustificada.*

E, respecto da consideración do 6% de custes indirectos, nas referidas Instrucións recóllese o seguinte: “Cando sexa dificultosa a determinación dos custes indirectos en servizos e subministracións, poderían terse en conta un conxunto de gastos xerais de non máis dun 5% dos custes directos, máis un beneficio do 6%, aplicado sobre os mesmos”, polo que para a aplicación dunha porcentaxe superior esta debe determinarse e xustificarse adecuadamente no expediente. O sinalado no informe complementario do Director de Infraestruturas, de data 7 de abril de 2022 (CSV: S3PGTTOED7KZDP5E), non se considera suficiente”.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de Asistencia técnica en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición*” (Expte.:2021062944).

O prazo de duración do contrato será de 1 ano desde a súa formalización. Establecese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 32.364,23 euros, para un máximo de 15 asistencia técnicas.

O valor estimado é de 139.085,96 euros.

Os prezos unitarios de licitación de cada un dos traballos a realizar en cada asistencia técnica son os seguintes:

DESCRIPCIÓN DA UNIDADE	Nº DE UDS	PREZO UD SEN IVE
PREZO DE SUPERVISIÓN, CONTROL E XESTIÓN EN MATERIA DE RCDs DURANTE A OBRA	15	1.215,74 €
PREZO DE ELABORACIÓN DOS INFORMES XUSTIFICATIVOS NECESARIOS PARA O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RCDs UNHA VEZ REMATADA A OBRA	15	567,42 €

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos servizos que se encarguen ao abeiro do contrato (hasta un máximo de 15 asistencia técnicas), que se axustarán aos prezos máximos previstos neste prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.

- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: SEA9AUDM8FLTBUV6) e de prescricións técnicas (CSV: X8WH8OQPIIUMCGWG) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.
- 3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 32.364,23 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



Dado que a presente contratación se realiza en función das necesidades e por prezos unitarios, posteriormente, para o pago dos servizos que se realicen dentro deste contrato a parte do financiamento que corresponda aplicarase á respectiva aplicación orzamentaria dentro do proxecto de gasto de cada obra.

- 4.- Nomear responsable do contrato ao Enxeñeiro Xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández.
- 5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

12.31656.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA. (Expte. 2022003542).

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 4 de marzo de 2022 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, en data 4 de marzo de 2022. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, en sesión do día 25 de marzo do 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa, e con criterios de valoración automática presentados polas empresas licitadoras.

Unha vez descargada a documentación do sobre único, a Mesa de Contratación acordou admitir a única empresa que presentou oferta: Mapfre España Compañía de Seguros e Reaseguros S.A. (CIF A28141935), sendo os valores ofertados por dita empresa os indicados no certificado da Mesa de contratación con (CSV) I5MHKKM82T8PVG9.



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes os criterios de valoración automática, a Mesa de Contratación, na sesión do día 31 de marzo de 2022, clasificou por orde decrecente as ofertas admitidas, sendo esta a seguinte:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA	74,03

e acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comprobou que a empresa Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA proposta como adxudicataria, figuraba inscrita no Rolece. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, habilitación profesional ou empresarial, (mediante a inscrición no Rexistro Administrativo de entidades Aseguradoras y Reaseguradoras da Dirección General de Seguros y fondos de Pensiones con autorización precisa no ramo da Responsabilidade civil) e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia da non prohibición de contratar. Asemade, facultou ao secretario da Mesa para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En data 8 de abril de 2022 a empresa Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022021094, de data 08/04/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.232,00 € (carta de pago núm. operación 202200069585, do 07/04/2022).

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, relativos á adxudicación do contrato e notificación da mesma.

Considerando a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido



da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería á empresa Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA (CIF: A28141935) polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

a.- Prima total anual ofertada:

Prima neta	96.754,51 €
Imposto primas de seguros (IPS) 8%	7.740,36 €
Otros impostos, gastos, taxas ou recargos repercutibles	145,13 €
Prima total anual ofertada	104.640,00 €

b.- Franquía xeral por sinistro: 600,00 €.

c.- Capital asegurado por sinistro e anualidade na cobertura de Responsabilidade civil xeral: 7.000.000,00 €

d.- Capital asegurado de sublímite por vítima en Responsabilidade civil patrimonial: 750.000,00€

e.- Inclusión da cobertura de Responsabilidade civil publicitaria cun límite de 300.000,00 por sinistro e anualidade: Si.

f.- Inclusión da cobertura de responsabilidade civil de protección de datos cun límite de 300.000,00 € por sinistro e anualidade: Si.

Prazo de duración: un ano, con efectos desde a data que se establezca no contrato.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/922.9330.22401 do vixente orzamento provincial.

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total
2022 ⁽¹⁾	22/922.9330.224.01	104.640,00 €

(1) Aplícase a totalidade do gasto do contrato á anualidade 2022 debido a que as primas dos seguros deben aboarse de xeito anticipado no momento da subscrición do seguro e por anualidade completa



Forma de pagamento: pago único

Fitos de facturación:

O pago da prima total anual realizase unha vez formalizado o contrato, dentro do prazo máximo de trinta días contados a partir do día seguinte ó de presentación da factura pola empresa adxudicataria por medios electrónicos. Con todo, si a factura e documentación presentada presentara algún defecto, devolverase ó contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que se presente a factura e documentación debidamente subsanadas

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. expediente:	2022003542	
Órgano xestor:	LA0006128	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: o técnico/a adxunto/a á xefatura do servizo de Contratación Facenda e Patrimonio

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



13.31657 ACORDO RELATIVO Á NON ADXUDICACIÓN DOS LOTES Nº1.- COMPETENCIAS DIXITAIS EN INFORMÁTICA E Nº3.- COMMUNITY MANAGER DO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO TIC EMPRENDES EXPTE 349-299226 COFINANCIADO POLO FSE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO XUVENIL DE AXUDAS EMP-POEJ QUE COMPRENDE 7 ACCIÓNS FORMATIVAS INCLUÍDAS EN 5 ITINERARIOS FORMATIVOS. (Expte. 2021037627)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2021, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES(EXPTE. 349-299226), cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ, que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos de acordo coa seguinte distribución por lotes:

Número	Denominación itinerario formativo	Nº edicións
Lote 1	Competencias dixitais en informática	2
Lote 2	Marketing dixital: estratexias SEO, SEM, redes sociais e análise de tráfico Web	1
Lote 3	Community Manager	2
Lote 4	Operario de xestión lóxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro)	2

A Mesa de contratación, con data 18 de novembro de 2021 procedeu a apertura da documentación administrativa e correspondente aos xuízos de valor acordándose a admisión das seguintes empresas:

- Sararte SL (Lotes 1,2,3 e 4)
- G12 Grupo Empresarial de Servicios SL.-CIF B-36.993.509 (Lote 1)
- Península Corporate Innovation SL.- CIF B-66.585.613 (Lotes 1, 2 e 3)
- Hedima DN Formación SLU.-CIF B-82.651.514 (Lotes 1, 2, 3 e 4)

Así mesmo a Mesa de contratación acordou trasladar a documentación técnica aos técnicos do Servizo de cooperación ao obxecto de que avalíen e ponderen as ofertas.

A Xefa do Servizo de cooperación con data 29/03/2022 emite informe mediante o que solicita ao servizo de contratación a non adxudicación dos lotes nº 1.- Competencias dixitais en informática e nº 3.-Community manager do servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes Expte 349-299226 cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 5 itinerarios formativos.



O citado informe xustifica a súa solicitude en razóns de interese público manifestando o seguinte:
(...) *En data 28/01/2022 e rexistro de entrada 2022002116 recíbese comunicación asinada polo director xeral de Cooperación Autonómica e Local, relativa á execución real proxectos EMP- POEJ, na que, por unha banda, lémbrese que o prazo de execución conclúe o próximo 31 de decembro de 2022, todo iso segundo o establecido na Resolución do 5 de outubro de 2020, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19 e, doutra banda, solicítase que a entidade analice que grao de execución real pode chegar a alcanzar o proxecto financiado con cargo a esta convocatoria de aquí a final do prazo de execución, e que de ser necesario para asegurar a plena absorción da axuda FSE asignada, antes do próximo 31 de marzo expoña a este Organismo Intermedio unha modificación do respectivo proxecto para acomodar o seu contido á execución que realmente poida alcanzar.*

(...) *A comunicación do director xeral de Cooperación Autonómica e Local, recibida en data 28/01/2022 e rexistro de entrada 2022002116, solicita que a entidade realice unha previsión do grao de execución real do proxecto TIC EMPRENDES (349- 299226) a alcanzar a 31/12/2022, para articular canto antes unha posible retribución da senda financeira do Organismo, que evitase as perniciosas consecuencias que tería inexecución, tanto desde o punto de vista económico como reputacional, para todas as administracións públicas implicadas na aplicación destes fondos. Tras a realización da correspondente análise por parte do centro xestor, considérase necesario MODIFICAR de forma substancial a Memoria técnica do proxecto coa finalidade de reducir as 26 accións formativas iniciais nun 50% para asegurar a plena absorción da axuda FSE asignada e, deste xeito, evitar as perniciosas consecuencias que tería a inexecución deste proxecto, tanto desde o punto de vista económico como reputacional, para todas as administracións públicas implicadas na aplicación destes fondos.*

A normativa aplicable permite realizar a modificación, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereito de terceiros, solicítase dentro do prazo de execución previsto na Resolución de concesión de axudas da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local (Ministerio de Política Territorial e Función Pública e non implica variación económica á alza.

Mediante Resolución Presidencial número RP2022001860, de data 15/03/2022, apróbase a modificación nº3 do proxecto TIC EMPRENDES (349-299226). Deste xeito, tras a modificación, o proxecto constará de 13 accións formativas e o orzamento total establécese en 351.487,50 euros, dos cales o cofinanciamento a través de fondos do FSE é de 322.981,86 euros (91,89% do orzamento total) e a aportación con fondos propios da Deputación de Pontevedra é de 28.505,64 euros (8,11 do orzamento total).

A redución nun 50% das accións para realizar tamén implica a redución no mesmo porcentaxe do orzamento total do proxecto e, consecuentemente, renuncia parcial a 322.981,86 euros dos 645.963,73 euros da axuda EMP-POEJ outorgada mediante a resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, dependente do Ministerio de Política Territorial e Función Pública do 7 de xuño de 2019 e número de entrada 2019031049.



Consecuentemente ao anterior, tendo en conta o interese público, a fin de evitar que se produzan perdas netas de axudas do Fondo Social Europeo e, ademais, a imposición das correccións financeiras adicionais que se puidesen derivar da falta de consecución de obxectivos, é NECESARIO reducir as accións formativas previstas no lote 1 “Competencias dixitais en ofimática” e no lote 3 “Community Manager” do expediente de contratación para a “Adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de formación no marco do proxecto “TIC EMPRENDES” (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo Emprego Xuvenil [axudas Emp- Poej] que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos” (Expte. 2021037627)”; carecendo a contratación dos devanditos lotes da xustificación necesaria e do crédito orzamentario suficiente tras a modificación nº3 aprobada pola Resolución Presidencial número RP2022001860, de data 15/03/2022.

Ademais, a contratación dos lotes mencionados incrementaría o risco de incumprir o prazo de execución das accións formativas, cuxa data límite é o 31 de decembro de 2022.

Por último, indicar que no artigo 152.3 da LCSP, que permite que o poder adxudicador decida non adxudicar o contrato por razóns de interese público.

Resultando.- Que con data 01/04/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte:

(...)“O artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, permite que o órgano de contratación acorde a decisión de non adxudicar ou celebrar un contrato para o que se efectuou a correspondente convocatoria, sempre que se realice antes da formalización, e que se fundamente en razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.

Na Resolución 254/2019, 15 de marzo do TARC recóllese a doutrina sobre o desestímulo e a renuncia. Así, « o precepto recolle dúas institucións distintas, a renuncia e o desestímulo, como manifestamos en reiteradas ocasións por este Tribunal administrativo Central de Recursos Contractuais Expte. TACRC.326/2019 CLM 30/2019. A renuncia a diferenza do desestímulo, supón un cambio na vontade da Administración de contratar a prestación, por razóns de interese público e por iso, é un acto de contido discrecional. Ha de ser acordado –do mesmo xeito que a desistencia- antes da adxudicación do contrato para evitar lesionar dereitos e non meras expectativas, e precisamente polo seu carácter discrecional o artigo 152.3 da LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes no procedemento de adxudicación, a prohibición ao órgano de contratación de promover unha nova licitación do obxecto do contrato en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia. Pola contra, a desistencia ten un contido por completo diferente, a diferenza da renuncia non é un acto discrecional determinado polo cambio de vontade da Administración contratante, senón un acto regrado fundado en causas de legalidade e non de oportunidade. Por iso esixe, como sinala o apartado 4 do artigo 152 da LCSP, a concorrencia dunha infracción non emendable das normas de preparación do ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, que faga imposible continuar coa licitación ata a súa adxudicación, e por iso a desistencia, a diferenza da renuncia, non impide a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación co mesmo obxecto. (...) En idénticos termos pronúnciase a Resolución deste Tribunal 697/2018 ditada no recurso 622/2018».



Como se recolle no artigo 152 da LCSP para non adxudicar ou desistir do procedemento de adxudicación a administración está suxeita a unha serie de requisitos:

- *Debe acordarse polo órgano de contratación.*
- *Debe acordarse antes da adxudicación do contrato.*
- *Debe xustificarse en razóns de interese público.*
- *Debe motivarse a causa e notificarse aos interesados.*

Neste caso a potestade de tomar este acordo corresponderá ao órgano de contratación que é a Xunta de Goberno. Non se produciu aínda a adxudicación dos referidos lotes do contrato.

O interese público como sinala o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales nº 1120/2015 de 4 de decembro, "...constitúe, como é sabido, o prototipo de concepto xurídico indeterminado caracterizado, como o seu propio nome indica, pola indeterminación previa dos supostos precisos constitutivos da súa existencia, debendo ser, en cada caso o operador xurídico quen resolva, en vista das circunstancias concorrentes, se existe ou non un interese público que poida xustificar a decisión adoptada, dado que o interese público, dado que o interese público é, a final de contas a razón xustificadora de toda a actuación da Administración e dos poderes públicos en xeral que non poden actuar arbitrariamente adoptando decisións por simple conveniencia ou cambiar inxustificadamente de criterio"

O informe da Xefa do Servizo de cooperación xustifica a súa decisión de renunciar a adxudicación dos referidos lotes no interese público sinalando que "a fin de evitar que se produzan perdas netas de axudas do Fondo Social Europeo e, ademais, a imposición das correccións financeiras adicionais que se puidesen derivar da falta de consecución de obxectivos, é necesario reducir as accións formativas previstas no lote 1 "Competencias dixitais en ofimática" e no lote 3 "Community Manager" do expediente de contratación para a "Adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de formación no marco do proxecto "TIC EMPRENDES" (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo Emprego Xuvenil [axudas Emp- Poej] que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos" (Expte. 2021037627)"; carecendo a contratación dos devanditos lotes da xustificación necesaria e do crédito orzamentario suficiente tras a modificación nº3 aprobada pola Resolución Presidencial número RP2022001860, de data 15/03/2022"

Debemos analizar se a ausencia de financiamento sería motivo suficiente para poder proceder á decisión de paralizar unha adxudicación. Neste sentido, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en sentenza do 11 de decembro de 2014 (asunto C-440/13) á que se refire a resolución deste Tribunal antes transcrita, sinala que: (...) Dese xeito, o dereito da Unión Europea non se opón a que os Estados membros establezan, na súa normativa, a posibilidade de adoptar unha decisión de revocar unha licitación. Os motivos de dita decisión de revocación poden basearse así en razóns, relacionadas en particular coa apreciación da oportunidade, desde o punto de vista do interese público de levar a término un procedemento de licitación, habida conta, entre outras cousas da posible modificación do contexto económico ou das circunstancias de feito, ou incluso das necesidades da entidade adxudicataria de que se trata.

CONCLUSIÓN

Considerando ditas circunstancias, e o momento no que se atopa o procedemento, que aínda non chegou a adxudicarse, cumpríranse os presupostos esixidos no artigo 152 da Lei de Contratos do Sector Público para que o órgano de



contratación , poida acordar a renuncia á adxudicación dos lotes nº 1.- Competencias dixitais en informática e nº 3.-Community manager do servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes Expte 349-299226 cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 5 itinerarios formativos.”

Visto así mesmo o informe emitido pola Intervención.de data 21/04/2022 polo que se informa favorablemente a petición.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Non adxudicar os lotes nº1.- Competencias dixitais en informática e nº3.-Community manager do contrato para a prestación do servizo de formación no marco do proxecto Tic emprendes expte 349-299226 cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 5 itinerarios formativos.

14.31658.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO O LOTE NÚMERO 3 DOS SEGUROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DURANTE OS ANOS 2012-2014. (Devogarán.2022026435)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2018 (Núm. Rex.- 2018003631, de data 01/03/2018), adxudicouse o contrato relativo a “*Prestación do servizo de seguro de obras de arte da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos (lote 3 do procedemento aberto para a contratación do conxunto de seguros da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos)*” (Expte. 2017049357).

Para responder da realización deste servizo, a empresa NATIONALE SUISSE, COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS (C.I.F.A-28030047), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.980,69€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201100100441 de data 24/11/2011.



En data 11 de abril de 2016 a empresa Helvetia Compañía Suíza, Sociedad Anónima de Seguros e Reaseguros (C.I.F.- A-41003864) a través de escrito (Rexistro de entrada número 2016038962) comunicou á Deputación de Pontevedra que, como consecuencia dun proceso de fusión por absorción, a empresa Nationale Suisse Compañía de Seguros e Reaseguros queda integrada en Helvetia Seguros, entidade absorbente, que se subroga en todos os dereitos e obrigas deste contrato.

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión ordinaria do día 13 de maio de 2016 acordou recoñecer a entidade Helvetia Compañía Suíza, Sociedad Anónima de Seguros e Reaseguros (C.I.F.- A-41003864) entidade absorbente, subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes dos contratos suscritos con Nationale Suisse, Compañía de Seguros e Reaseguros (C.I.F.- A-28030047), entidade absorbida no proceso de fusión por absorción celebrado entre ambas empresas. No mesmo acto acordouse prorrogar o contrato de seguro de obras de arte da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos por un período dun ano, desde as 24.00 horas do 15 de maio de 2016 ata as 24:00 do 15 de maio de 2017.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa OYS FERNÁNDEZ, S.L.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión ordinaria do día 12 de maio de 2017 acordou prorrogar o contrato de seguro de obras de arte da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos por un período de un ano, desde as 24:00 horas do día 15 de maio de 2017 ata as 24:00 horas do día 31 de decembro de 2017.

A compañía Helvetia Compañía Suíza, Sociedad Anónima de Seguros e Reaseguros a través de escrito de data 18 de abril de 2022 solicita a devolución da garantía do contrato de seguro de obras de arte da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos por importe de 2.980,69 €, toda vez que dito seguro se encontra vencido e transcorrido o prazo de garantía para proceder á súa cancelación.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Prestación do servizo de seguro de obras de arte da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos (lote 3 do procedemento aberto para a contratación do conxunto de seguros da Deputación de Pontevedra e os seus organismos autónomos)*”, sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de LA CAIXA, por importe de 2.890,69 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/11/2011, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201100100441.

15.31659 DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA OYS FERNÁNDEZ, S.L.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE ASPIRADO, LIMPEZA E XESTIÓN DE RESIDUOS ORGÁNICOS XERADOS POLOS CANS ACOLLIDOS NO CENTRO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DE ARMENTEIRA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2017049357) (Devogarán. 2022022731).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2018 (Núm. Rex.- 2018003631, de data 01/03/2018), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados polos cans acollidos no centro de acollida de animais abandonados de Armenteira da Deputación Provincial de Pontevedra*” (Expte.2017049357).

Para responder da realización deste servizo, a empresa OYS FERNÁNDEZ, S.L.U. (CIF.- B-36124212), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.381,40€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201800025997 de data 10/12/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa OYS FERNÁNDEZ, S.L.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados polos cans acollidos no centro de acollida de animais abandonados de Armenteira da Deputación Provincial de Pontevedra*” (Expte.2017049357), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.381,40 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/02/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800025977.

16.31660.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA HIDRÁNTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á POSTA EN SERVIZO DA INSTALACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO E AUGA POTABLE E DAS DE DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA CURRO, BARRO (EDAR - ETAP). (Expte. 2020042047) (Devogarán.2021029473)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de decembro de 2020 (CSV.- PPHR2UY9GA37QQKH), adxudicouse o contrato relativo a “*Posta en servizo da instalación depuradora de augas residuais e explotación mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do polígono industrial Outeda-curro (Barro)*” (Expte. 2020042047).

Para responder da realización do deste servizo, a empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (CIF.- B-70409073), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 6.143,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000221691 de data 10/12/2020.



As empresas HIDRANTIA, GESTION INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (B-70409073) e ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (B-70248869), achegan a escritura de constitución da Unión Temporal das Empresas; abreviadamente “BRIALLOS UTE” (U-029015228).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa HIDRANTIA, GESTION INTEGRAL DEL AGUA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Posta en servizo da instalación depuradora de augas residuais e explotación mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do polígono industrial Outeda-curro (Barro)*” (Expte. Núm. 2020042947), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 6.143,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/12/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000221691.

17.31661.- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR DEMORA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4201 SETADOS-RIBARTEME-VIDE, P.Q. 0+000 AO P.Q. 3+930 (AS NEVES)”. (Expte. 2020008247)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/09/2020 acordou adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., o contrato de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201



Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)”, por un importe de 291.382,75 € IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que para facer fronte á execución desta obra, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L, constituíu garantía definitiva na Tesourería da Deputación por importe de 12.040,61 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 14/08/2020 con número de operación 202000142886.

Resultando.- Que con data 06/10/2020 asinouse entre o contratista e a Deputación o contrato para a execución desta obra, formalizándose a acta de comprobación de replanteo o día 03/11/2020, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 03/05/2021.

Resultando.- Que unha vez transcorridos TRINTA E SEIS (36) DIAS, dende a formalización da acta de comprobación de replanteo, asinouse entre o contratista e a directora da obra na data 09/12/2020, acta de paralización na que se recolle que están por de executar a totalidade das unidades de obra recollidas no proxecto.

Resultando.- Que o órgano de contratación en sesión ordinaria de data 18/12/2020 acordou autorizar a paralización total da execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)”, con efectos dende o 09/12/2020, debido a que a climatoloxía adversa imperante non era compatible co tipo de traballos que se inclúen no proxecto obxecto do contrato.

Resultando.- Que con data 01/06/2021 asinouse entre o contratista e a directora de obra acta de reinicio dos traballos, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/10/2021.
Resultando.- Que con data 01/02/2022 formalizase a acta de recepción favorable desta obra, recolléndose na mesma como data na que se finalizou a obra o día 22/11/2021.

Resultando.- Que con data 16/03/2021 emitiu informe que consta no expediente, a directora da obra, no que di que se produciu un retraso na execución dos traballos de TRINTA (30) DIAS, entre o 23/10/2021 e o 22/11/2021, por causas imputables ó contratista.

Resultando.- Que con data 24/03/2022 deuse trámite de audiencia ó contratista para que fixera as alegacións que estimara oportunas, facendo as mesmas mediante escrito que tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación na data 28/03/2022 onde se recolle que o retraso de foi producido polos aumentos de unidades de obra efectuados, existindo polo tanto numerosas partidas cuxa medición excede do total recollido no proxecto.



Resultando.- Que con data 06/04/2022 emitiu informe a directora da obra recollendo o seguinte: *“...Primeiro.- A certificación final recolle os excesos de medicións que en global non representan un incremento superior ó 10% do prezo do contrato. Ditos excesos se concentraron nas unidades correspondentes ós saneos e afirmado da estrada (capítulos nº 1 e nº 2 do proxecto). Estas unidades foron executadas nos meses de xuño, xullo e agosto, sen verse comprometido o prazo de execución. As certificacións nº 3, 4 e 5 deixan constancia de ditos feitos. Segundo.- En agosto os traballos víronse paralizados por causas imputables ó contratista, que os reanudou no mes de outubro, tal e como se pode corroborar coa certificación nº 7. Terceiro - No mes de setembro, tal e como queda rexistrado na certificación, a obra executada foi nula. A certificación correspondente a este mes, por valor de 0,00 euros, (certificación nº 6) así deixa constancia...”*

Resultando.- Que con data 22/04/2022 emitiu informe o Xefe do Servizo De Contratación co seguinte contido: *“...Do recollido neste informe queda constatado que transcorridos 36 días dende a formalización da acta de comprobación de replanteo, formalizouse na data 09/12/2020 entre o director de obra e o contratista acta de paralización debido a que a climatoloxía adversa era incompatible co tipo de traballos que se inclúen no proxecto obxecto do contrato, formalizándose na data 01/06/2021 acta de reinicio, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/10/2021. A directora da obra recolle nos seus informes que no mes de agosto os traballos víronse paralizados por causas imputables ó contratista, que os reanudou no mes de outubro, tal e como se pode corroborar coa certificación nº 7 e no mes de setembro, tal e como queda rexistrado na certificación, a obra executada foi nula, asinándose na data 01/02/2022 acta de recepción da obra, na que se recolle que a data de finalización da mesma foi o 22/11/2021, sendo o retraso na finalización das mesmas de TRINTA (30) DIAS, por causas imputables ó contratista. Polo dito anteriormente, e polo recollido nos informes da directora de obra emitidos ó efecto así como o establecido nos pregos que rexeron nesta contratación e as normas de contratacións asociadas, á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. non cumpriu co prazo de execución do contrato por causas que lle son imputables ó contratista, superando dito prazo en TRINTA (30) DIAS, polo que cabería impoñerlle as penalidades correspondentes. A cuantificación económica da cantidade a penalizar sería o resultado de aplicar a proporción diaria de 0,60 € por cada 1.000 euros do prezo do contrato IVE excluído, sendo a cantidade resultante de 4.990,93 €, cantidade que lle sería deducía da garantía constituída no seu día...”*

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: *“...o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva...”*



Considerando.- Que a cláusula 21.1 do PCAP que rexeu nesta contratación en relación co artigo 193.3 da LCSP establecen no que ás penalidades por demora se refire, o seguinte: “...Cando a ou o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído...”

Considerando.- Que o artigo 194.2 do mesmo texto legal, establece que: “...as penalidades previstas nos dous artigos anteriores imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptando a proposta do responsable do contrato, se se houbera designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas as deducións das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse dos pagos mencionados...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Impoñer penalidades á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.*, por causa imputable ó contratista de demora de TRINTA (30) DÍAS na execución do contrato “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)*”.

A cuantificación económica da cantidade a penalizar será de 4.990,93 €, que se fará efectiva mediante a dedución da cantidade que deba abonarse o contratista, tras a previa aprobación da certificación que corresponda.

18.31662.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022027726 que contén 16 facturas e por un importe de 54.774,29€ e con CSV: Y5MBCH11T6K05X3J, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 21 de abril de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	54.774,29€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	54.774,29€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles



19.31663.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 9 DE XULLO DE 2021 (Nº37.30556), POLO QUE SE CONCEDEU AO CONCELLO DE TUI, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021-LIÑA1, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INTERVENCIÓN NO ÁMBITO DO LAVADOIRO DE RIOMUIÑOS, TUI”. (Expte.2021017864)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

En data 09/07/2021, mediante acordo núm. 37.30556 da Xunta de Goberno, concedeuse ao *Concello de Tui*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 240.753,08 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Intervención no ámbito do Lavadoiro de Riomuiños, Tui*” (Expte.2021017864), cun orzamento de 240.753,08 euros que contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 7.415,37 euros.

En data 30/03/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022017764, escrito do Concello de Tui solicitando a modificación do acordo de concesión de subvención con destino ao financiamento do investimento “Intervención no ámbito do Lavadoiro de Riomuiños, Tui” (expte.2021017864), por cambio do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, motivado na necesidade de presentar unha proposta técnica diferente que contempla as especificacións postas de manifesto pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Neste contexto, o concello achega un novo proxecto descritivo da actuación que se vai levar a cabo, cun orzamento de licitación por importe de 233.337,71 euros, decreto número 2022-0555 de data 30/03/2022 de aprobación do proxecto de obra, rectificando por decreto número 2022-0579 de data 05/04/2022 no referente o desglose dos importes por conceptos, e ás autorizacións sectoriais dos organismos afectados (Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia).



Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 18/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 19/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 37.30556, de data 09/07/2021, co obxecto de substituír o proxecto de execución do investimento “*Intervención no ámbito do Lavadoiro de Riomuiños, Tu*” (expte.2021017864) aportado inicialmente e que figura no expediente polo novo proxecto presentado en data 30/03/2022 e aprobado por decreto da alcaldía número 2022-0555 de data 30/03/2022, rectificado por decreto número 2022-0579 da data 05/04/2022, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021 poida ser executado nos termos establecidos polo Concello e levantar o condicionante á concesión da subvención por achegar os informes favorables ás autorizacións sectoriais dos organismos afectados.



O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial núm. 37.30566, de data 9 de xullo de 2021, permanece invariable.

Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

20.31664.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”. (Expte. 2020031411).

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: *“Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022009016 e data 08/04/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte*

I. ANTECEDENTES

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O 04/09/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”, asignándosele o rexistro núm. 202000010197. Tras a súa avaliación, en data 20/05/2021 (rexistro de entrada número: 2021012895) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 783.192,94 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004561.

O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:



Importe da axuda concedida

Conceder á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 783.192,94€

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
CAMBADOS	Medida 6	Alumeado exterior Cambados	252.286,28	252.286,28	252.286,28	201.829,02
CRECENTE	Medida 6	Alumeado exterior Crecente	199.682,30	199.682,30	199.682,30	159.745,84
A GUARDA	Medida 6	Alumeado exterior A Guarda	47.547,26	47.547,26	47.547,26	38.037,80
FORCAREI	Medida 6	Alumeado exterior Forcarei	200.370,76	200.370,76	200.370,76	160.296,60
O GROVE	Medida 6	Alumeado exterior O Grove	279.104,60	279.104,60	279.104,60	223.283,68
		Total	978.991,20	978.991,20	978.991,20	783.192,94

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo núm.: 14.31430 de modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” (expte.2020031411).

Con data 14/03/2022, con número de rexistro no IDAE 202200005952, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: “A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-004561”.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/04/2022 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2022009016, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 20/05/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 783.192,94 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004561. Neste sentido no prazo máximo de (1) un ano + seis (6) meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

II.FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)



- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL, o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

III. CONCLUSIÓNS

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido a que a pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización, este acumulou incidencias, debido á necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos



necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-004561. A ampliación do prazo máximo de (1) un ano incrementa en seis (6) meses o prazo inicial para a formalización das contratacións necesarias para a execución das actividades obxecto da axuda.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/04/2022 (rexistro de entrada número na Deputación: 2022009016) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 20/05/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 783.192,94 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004561, estendéndose dito prazo ata o 20/11/2022.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022009016 e data 08/04/2022 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 20/11/2022 e, por tanto, modifica a Resolución de data 20/05/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 783.192,94 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” (expediente 2020031411), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16“.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/04/2022, e da Intervención Provincial de data 21/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aceptación da modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “*Iluminación exterior sostible VI: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de A Guarda, Cambados, Crecente, Forcarei e O Grove*” (Expte. 2020031411)”, aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022009016 e data 08/04/2022, estendéndose dito prazo ata o 20/11/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia

21.31665.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA”. (Expte. 2020032941).

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022009015 e data 08/04/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte*

I. ANTECEDENTES

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.



O 21/10/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA”, asignándosele o rexistro núm. 202000012762. Tras a súa avaliación, en data 14/04/2021 (rexistro de entrada número: 2021009009) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 743.590,47 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004626.

O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 743.590,47€

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
PORTAS	Medida 6	Alumeado exterior Portas	299.007,12	299.007,12	299.007,12	239.205,69
VALGA	Medida 6	Alumeado exterior Valga	199.072,09	199.072,09	199.072,09	159.257,66
VILANOVA DE AROUSA	Medida 6	Alumeado exterior Vilanova de Arousa	214.562,25	214.562,25	214.562,25	171.649,80
VILAGARCÍA DE AROUSA	Medida 6	Alumeado exterior Vilagarcía de Arousa	216.846,66	216.846,66	216.846,66	173.477,32
		Total	929.488,12	929.488,12	929.488,12	743.590,47



Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato. O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo núm.: 15.31431 de modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” (expte.2020032941).

Con data 14/03/2022, con número de reixistro no IDAE 202200005953, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: “A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-004626”.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/04/2022 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2022009015, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 14/04/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 743.590,47 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004626. Neste sentido no prazo máximo de (1) un ano + seis (6) meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*



- Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeadado público.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.



III. CONCLUSIÓNS

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido a que a pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización, este acumulou incidencias, debido á necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-004626. A ampliación do prazo máximo de (1) un ano incrementa en seis (6) meses o prazo inicial para a formalización das contratacións necesarias para a execución das actividades obxecto da axuda.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 08/04/2022 (rexistro de entrada número na Deputación: 2022009015) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 14/04/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 743.590,47 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004626, estendéndose dito prazo ata o 14/10/2022. A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022009015 e data 08/04/2022 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 14/10/2022 e, por tanto, modifica a Resolución de data 14/04/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 743.590,47 euros.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” (expediente 2020032941), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
A xefa do servizo de Cooperación
(documento asinado electronicamente á marxe)
Marina Piñeiro Novo*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/04/2022, e da Intervención Provincial de data 21/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación da modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “Iluminación Exterior Sostible IX: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” (Expte. 2020032941)”, aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022009015 e data 08/04/2022, estendéndose dito prazo ata o 14/10/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



22.31666 MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 4 DE XUÑO DE 2021 (Nº5.30370), POLO QUE SE CONCEDEU AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021-LIÑA 1, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN E INTEGRACIÓN DO ENTORNO NA RÚA LAMEIRIÑA E NA RÚA CANELIÑAS (RAXÓ)”.
(Expte.2021012992)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

Mediante Acordo nº 5.30370 da Xunta de Goberno de data 04/06/2021, e no marco do Plan Concellos 2021, aprobouse a concesión dunha subvención ao concello de Poio por importe de 391.823,62 euros, para o investimento co mesmo importe denominado “*Recuperación e integración do entorno na rúa Lameiriña e na rúa Caneliñas (Raxó)*” (Expediente 20211012992), condicionada a devandita concesión a que o Concello beneficiario obtivese a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) dependente da Consellería de Mobilidade da Xunta de Galicia.

A través de una serie de rexistros web nº 2022005479 de 04/03/2022, nº 2022006798 de 15/03/2022, nº 2022004427 de 23/02/2022, e nº 2022018920 de 01/04/2022, tense iniciado a xustificación parcial do investimento abarcando as certificacións 1 á 4, e estando as mesmas sendo obxecto de fiscalización. No en tanto, tamén ten entrada o rexistro web 2022021990 de data 19/04/2022 no que o concello de Poio manifesta a necesidade de aprobar un modificado do contrato de obra ao xurdir necesidades sobrevidas na execución material da mesma.

De toda a documentación que obra no expediente de referencia resulta acreditado o seguinte; 1º) que por Xunta de Goberno Local de 21/09/2021, o contrato se adxudica en procedemento aberto simplificado á entidade mercantil COVSA por un importe de 365.963,28 euros, deixando unha baixa de 25.860,34 euros; 2º) na mesma Xunta de Goberno Local se nomea ao director de obra ao técnico municipal D. José Luís Rodríguez Arias; 3º) a acta de comprobación do replanteo ten lugar o 26/10/2021; 4º) en data 18/02/2022 a empresa adxudicataria indica a necesidade de proceder a un modificado no contrato e no proxecto do mesmo por canto xorden circunstancias imprevistas; 5º) o técnico do concello e director de obra constata estas circunstancias en particular que se ha de



proceder a facer cotas mais profundas por aparecer unha gran cantidade de acometidas e canalizacións a nivel superficial con risco de ser danadas; 6º) como consecuencia do modificado dáse un incremento no 14,9996 % do orzamento primitivo, que pasa de 391.823,62 euros a ser de 450.595,42 euros; 7º) o concello de Poio declara que o incremento do modificado é cuberto pola baixa de adxudicación e no importe restante polo propio Concello cos seus fondos.

Revisada a documentación técnica polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación se emite informe favorable en data 25/04/2022.

No momento da concesión, o Concello non aprobou o proxecto na medida en que estaba condicionado á efectiva obtención da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Este condicionante tamén está presente no proxecto modificado razón pola que o Concello renova a súa petición perante o organismo autonómico en sintonía co novo proxecto, e mantén en suspenso a súa aprobación mentres non obteña a pertinente autorización sectorial.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Consideracións Xurídicas:**Instrución do expediente:**

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que no acordo de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución/acordo de concesión, incluídos os prazos de execución ou xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.
- A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición da circunstancia que a causa e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión,
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2021, que dispón que a modificación da resolución ou acordo de concesión *“sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos; a) Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias (...) Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada; b) Acordo do órgano competente do Concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico, memoria valorada ou descritiva da actuación que se vai a levar a cabo”*



- Base Reguladora 20ª do Plan Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adjudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa de financiamento do proxecto modificado, será necesaria a autorización expresa do órgano competente da Deputación.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 25/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 25/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Dar conformidade á aprobación da modificación do proxecto do investimento denominado “*Recuperación e integración do entorno na rúa lameiriña e na Rúa Caneliñas (Raxó)*” (expte.- 2021012992) que ha de rexer na continuación da execución material do mesmo.

2º.- Modificar o acordo de concesión nº 5.30370 da Xunta de Goberno de data 04/06/2021, no sentido de variar o orzamento do investimento, que pasa de 391.823,62 euros, a ser de 450.595,42 euros.

3º.- Declarar que o aumento do orzamento será cuberto pola baixa de adjudicación de 25.860,34 euros e o importe restante ata acadar o total do incremento será cuberto polo concello de POIO mediante os seus propios fondos.

4º.- Manter os demais pronunciamento do Acordo de concesión de subvención, polo que tamén a aprobación do presente modificado está condicionado a que o concello de POIO obteña a prórroga da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

5º.- O *concello de Poio* deberá de achegar a esta Deputación a devandita autorización sectorial prorrogada para o proxecto modificado tan pronto como a obteña, ademais do acordo do órgano municipal competente aprobando o proxecto modificado, e en todo caso coa xustificación inmediata que teña lugar despois do actual modificado.

6º.- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



23.31667.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (Expte. 2022022433)

Dada conta que con data 05/04/2022 (núm. rex. 2022008636), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D^a. Aurora Montero Alonso, por danos en vehículo producidos a consecuencia da irrupción dun xabaril na estrada PO-11 (de PO-10 a Marín), no Concello de Pontevedra, o día 01/12/2021, e que foi cuantificada economicamente en 600 €.

Resultando.- Que con data 06/04/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación, que o emitiu na data 11/04/2022, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- A estrada PO-11 (de PO-10 a Puerto de Marín) forma parte da Red de Carreteras del Estado segundo o “Inventario de la Red de Carreteras del Estado Catálogo de la RCE a 31 de diciembre de 2008”.

Por tanto, o lugar onde aconteceu o incidente non pertence á rede provincial senón que é competencia do Ministerio de transportes, Movilidad y Agenda urbana.

María Belén Pampín Camino

Ingeniero

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.



Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO*”.


A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización

24.31668 DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE REDONDELA. (Expte. 2021057984)

Dada conta que con data de rexistro 17/11/2021 (rex. núm. 2021027432) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada D^a. Mónica Pazos Afonso, por danos no seu vehículo, que se atopaba estacionado á altura do nº 51 da estrada E.P. 2907 Redondela-Cepeda, producidos, segundo manifesta, polo impacto de pedras provenientes dunha máquina desbrozadora que estaba a realizar labores de mantemento da estrada o día 05/10/2021, e que foi cuantificada economicamente en 808,28 €.

Resultando.- Que con data 17/01/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 07/02/2022, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- Realizada a visita ao lugar descrito na reclamación compróbase que pertence á estrada E.P. 2907 REDONDELA CEPEDA da rede provincial de estradas.



O motivo da reclamación tivo lugar no punto quilométrico 0+950 desta estrada provincial.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provincias, a través do contrato de “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Zona Norte”, estaba a executar ese días os traballos de limpeza e desbroce de cunetas nesa vía (achégase o parte diario de traballos).

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA		AXENDA 2030		 Taboada Ramos, S.L.U. <small>CONSEJO REGULADOR DE OBRAS DE OBRAS DE OBRAS</small>		
PARTE DIARIO DE PREVISIÓN DE TRABALLOS						
SERVICIO DE MANTENIMIENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. ZONA NORTE						
DATA: 05/10/2021						
CONCELLO	ESTRADA	P.O.	MARXE	ACTUACIÓN	TAREFA PREVISTA	OBSERVACIÓNS
PAZOS DE BORBÉN	EP-2705		AMBOS		PODA DE CARBALLOS CON PLATAFORMA	EQUIPO 1
REDONDELA, CEPEDA	EP-2907		AMBOS		LIMPIEZA Y DESBROCE DE CUNETAS	EQUIPO 2

SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do obxecto da reclamación.

Tampouco foron avisados nin o responsable da empresa contratada nin o persoal de control desta administración, responsable de coordinar e controlar os traballos executados. Non hai constancia deste accidente (nin aviso nin parte de vías e obras) nin o día dos acontecementos nin nas datas próximas, polo que non é posible comprobar a realidade dos danos que se reclaman.

Non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo, ou por outros similares, na estrada provincial E.P. 2907 para o ano 2020 nin no que levamos do 2022. Achégase copia dos partes no ano 2021 que nada teñen que ver co obxecto da reclamación.



Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	18/06/2021	15:06	01127	REDONDELA	Sur	
2021	344	Comunicado	18/06/2021	15:08	01127	Redondela - Cepeda	
		Finalizado	18/06/2021	17:02	01127	Bacariza	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				PARTICULAR. NON QUIXO DAR OS D
		Notas	CON EMPRESA TABOADA				
Finalizado	Incidencia	TERRA E BARRO NA CALZADA. COMUNICAME O CAPATAZ QUE POR MOR DUNHA CARROCETA QUE SACA TERRA DUNHA CASA. AVISOU AOS DONOS QUE TEÑEN QUE LIMPAR					
Nº de Parte	Rexistro	03/10/2021	01:47	01129	REDONDELA	Sur	
2021	480	Comunicado	03/10/2021	01:47	01129	Redondela - Cepeda	
		Finalizado	03/10/2021	01:47	01129	Vilar	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	ES CONTINUACIÓN DEL NÚMERO 479				
Finalizado	Incidencia	ÁRBOL CAIDO EN LA CARRETERA					
Nº de Parte	Rexistro	13/12/2021	17:46	01127	REDONDELA	Sur	
2021	618	Comunicado	13/12/2021	17:48	01127	Redondela - Cepeda	
		Finalizado	13/12/2021	20:33	01127	Bacariza	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	Con Taboada y Ramos				
Finalizado	Incidencia	MANCHA DE ACEITE					

TERCEIRO.- A empresa responsable dos traballos de “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernala da rede viaria da Deputación de Pontevedra” dentro dos concellos da Zona 4: Ponte Caldelas, A Lama, Cotobade, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior é CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Dentro deste contrato recóllense os traballos sistemáticos de conservación ordinaria, que teñen por obxecto atrasar todo o posible o proceso de degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos da estrada.

Unha das principais labores de conservación ordinaria son os traballos de “Limpeza de marxes, reapertura de cumetas e perfilado de noiros”.

A empresa contratada ten que garantir o cumprimento da normativa en canto a Control de Calidade, Seguridade e Saúde, Xestión de Residuos e Xestión Ambiental, aportando o persoal, medios de transporte, maquinaria, utensilios, ferramentas e materiais auxiliares necesarios.



Ademáis, temos unha empresa contratada como responsable en materia de Seguridade e Saúde. A adxudicataria do LOTE 2. ZONA CENTRO do "Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (expte.2020014145)" é a empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (NIF. B-81470841), que se encarga do control técnico e vixilancia en materia de seguridade e saúde tanto das obras como dos servizos que a efectos da lei de prevención de riscos laborais se definen como obras.

A empresa I+P (Ingeniería y Prevención de Riesgos) fai partes de control das actividades a executar e elabora Informes mensuais de Coordinación Seguridade e Saúde no contrato sinalado. Non houbo ningunha incidencia nos traballos executados na data sinalada.

CUARTO.- A sección da estrada no punto do accidente é de 5,50 metros de calzada e unha beiravía de 0,60 metros na marxe onde se sinala o incidente.

LOCALIZACIÓN			
ESTRADA	EP2907 - REDONDELA - CEPEDA	TREITO	EP2907
PK	0+950	DISTANCIA	950,000
UTM X	532381,634	UTM Y	4680663,121
Z	70,400		
DATOS XEOMÉTRICOS			
CALZADA	5.539	BRUA. ESQ.	0.000
BRUA. DER.	0.000	CUNETA ESQ.	0.932
CUNETA DER.	0.000	BVIA. ESQ.	0.693
BVIA. DER.	0.396	CARRÍS	2
PENDENTE	8.040 %	RADIO	-1847.640 m.
PERALTE ESQ.	-0.257 %	PERALTE DER.	4.457 %
VIS. DIR.	80	VIS. INV.	60
ACIMUT	147.312 °		



Este ancho de plataforma non está acondicionado para o estacionamento de vehículos. Pódese comprobar que está delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento polo que o coche estacionado estaba nun lugar non habilitado e incumprindo a sinalización da estrada.

Por tanto se considera que a zona onde tivo lugar o accidente non debería estar ocupada por vehículos en ningún caso.



As labores de vixilancia e cumprimento das normas de circulación, incluído o réxime sancionador que se deriva, non corresponden ó titular da vía, senón a autoridade competente en xestión do tráfico: concello ou Dirección Xeral de Tráfico, segundo o caso, e que sería a autoridade competente en materia de xestión do tráfico quen debería non permitir a parada continua de vehículos en zonas non habilitadas a tal fin.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 07/03/2022, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, emprazouse á empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando na data 21/03/2022 escrito de alegacións co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Que esta representación niega toda responsabilidad en los daños denunciados por D^a Mónica Pazos Afonso producidos en su vehículo como consecuencia del impacto de piedras provenientes de una máquina desbrozadora que estaba realizando labores de mantenimiento el día 5 de octubre del pasado año 2021 y, ello porque, las funciones prestadas desde enero 2021 por INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. para la Diputación de Pontevedra como adjudicataria del expediente 2020014145, son única y exclusivamente las de coordinación de seguridad y salud laboral en las obras de esta Diputación.



SEGUNDO.- Que, en todo caso, los daños denunciados por D^a. Mónica Pazos Afonso se encuentran amparados por lo dispuesto en la Ley 50/1980, de 8 de octubre, de Contrato de Seguro, correspondiendo su indemnización exclusivamente al propietario de la máquina desbrozadora, al conductor de la misma y, subsidiariamente de la compañía aseguradora con la que tengan suscrita la póliza de seguros.

TERCERO.- Que la empresa contratista es Construcciones Taboada y Ramos, S.L.

CUARTO.- Que además de lo anterior, el Pliego de Cláusulas de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Carretera y Puentes indica, dispone en su cláusula 104.9 que “el contratista será responsable del estricto cumplimiento de las disposiciones vigentes en la materia, y determinará las medidas que deban adoptarse en cada ocasión para señalizar, balizar y, en su caso, defender las obras que afecten a la libre circulación”.

Que en el mismo sentido se pronuncia el Pliego de Cláusulas Administrativas generales para la Contratación de obras del Estado cuando indica, en su cláusula 23 que “El contratista está obligado a instalar las señales precisas para indicar el acceso a la obra, la circulación en la zona que ocupan los trabajos y los puntos de posible peligro debido a la marcha de aquellos, tanto en dicha zona como en sus lindes e inmediaciones, debiendo “el contratista de la obra (...) determinar las medidas que deberán adoptarse en cada ocasión”, conforme a lo establecido en la norma 8.3-IC.

A mayor abundamiento, el art. 315.2 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, recoge que “el contratista responderá de los daños y perjuicios que durante la ejecución o explotación de las obras se causen tanto al órgano de contratación como a terceros, por defectos e insuficiencias técnicas del proyecto o por los errores materiales, omisiones e infracciones de preceptos legales o reglamentarios en que le mismo haya incurrido, imputables a aquél”.

QUINTO.- Que determinado el “quantum de responsabilidad” del contratista sobre los daños denunciados por D^a. Mónica Pazos Afonso como consecuencia de la ejecución de las presentes obras, queda subsidiariamente acreditado tales daños se encuentran fuera del ámbito competencial del coordinador de seguridad y salud en fase de ejecución y, en consecuencia, de cualquier responsabilidad por parte de INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

Por todo lo anteriormente expuesto, solicito a la Diputación de Pontevedra tenga por presentado el presente escrito, se sirva admitirlo y por presentadas, en tiempo y forma, nuestras alegaciones contra la reclamación patrimonial de los daños materiales causados en el vehículo de la denunciante, para que seguidos que sean los trámites establecidos al efecto, acuerde a su tenor y archive la presente reclamación contra Ingeniería y prevención de Riesgos, S.L., habiendo quedado suficiente acreditado que los hechos denunciados son responsabilidad exclusiva de la empresa contratista titular de la máquina desbrozadora, estando amparados tales daños por lo dispuesto en la Ley 50/80, de 8 de octubre, de Contrato de Seguros, debiéndose requerir al titular de la máquina causante de los daños, identifique al conductor de la misma y facilite los datos completos de la póliza de seguro de al misma a los efectos de cubrir, como responsable civil directo los daños producidos en el vehículo de la denunciante.



Resultando.- Que con data 07/03/2022, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, emprazouse á mercantil Construcciones Taboada y Ramos, S.L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando na data 22/03/2022 escrito de alegacións co seguinte contido:

(...) No acredita la parte reclamante que los daños deriven de la actividad de mantenimiento que se estaba desarrollando en la vía (...)

Además, la existencia de estos daños no fue puesta en conocimiento de mi mandante o de esta Administración, ni en la fecha en la que supuestamente se produjeron ni en fechas próximas (...) no existe incidencia alguna en relación con la presente reclamación.

Pero es que, además, tampoco tiene constancia de dichos daños la empresa encargada de garantizar el cumplimiento de la normativa en materia de Control de Calidad, Seguridad y Salud, Gestión de Residuos y Gestión Ambiental.

Tampoco tiene constancia esta parte de que la parte reclamante haya aportado factura alguna acreditativa del coste de la reparación que permita constatar que dicho importe se corresponde con los costes objeto de reclamación y, por tanto, sin acreditar ni la existencia del daño ni el importe reclamado.

La total ausencia de acreditación de los daños supuestamente concurrentes que son objeto de reclamación sería suficiente para la desestimación íntegra de la misma ya que corresponde a la parte reclamante la carga de la prueba sobre los mismos.

En consecuencia, no queda acreditada ni la existencia de los daños objeto de reclamación ni el importe reclamado en el marco de la presente reclamación patrimonial, ni que el mismo se derive de la actividad objeto de reclamación, por lo que procede la desestimación íntegra de la reclamación presentada (...)

Corresponde a la parte reclamante acreditar la existencia, alcance y valoración económica de la lesión, así como el sustrato fáctico de la relación de causalidad entre dicha lesión y el funcionamiento de los servicios públicos (...)

Pues bien, en el supuesto que nos ocupa, en que se reclaman los daños supuestamente producidos como consecuencia de las labores de mantenimiento que se estaban realizando en la carretera, imputándose a la Administración el funcionamiento anormal de un servicio público, el nexo causal ha de establecerse.

La parte recurrente no acredita la existencia de dicho nexo causal y, además, obvia la concurrencia de otros factores que intervinieron en el accidente, alterando el nexo causal, y que no son en absoluto imputables a la Administración ni a mi representada (...) pudiendo haber intervenido en la producción de los daños objeto de reclamación otros factores ajenos a la Administración y a mi representada. Así, por ejemplo, estando el vehículo estacionado en la vía pública, los daños pueden haber sido ocasionados por terceros ajenos a la administración y a Construcciones Taboada y Ramos, S.L.



Tampoco acredita la recurrente que los daños se produjeran en dicha fecha, sin que, en ese día ni en días próximos, se hubiese puesto en conocimiento de la Administración la existencia de esos daños. Es que ni siquiera queda acreditado por la parte reclamante que el vehículo estuviese allí estacionado en la fecha indicada.

Por lo que los daños podrían haberse producido en otro lugar y fecha distintos a los indicados por la reclamante, que no aporta prueba alguna al respecto. Y es más, aún si, como asevera la parte reclamante sin aportar prueba alguna al respecto, el vehículo se hallase estacionado en el lugar indicado, ello supondría, inevitablemente, un incumplimiento de la normativa vigente en materia de circulación (...) el vehículo sobre el que supuestamente se produjeron los daños se hallaba estacionado en un lugar no habilitado para ello, en contra de las propias normas de circulación. En el área en la que se hallaba estacionado el vehículo no era posible estacionar. Ello porque ni el ancho de la plataforma lo permitiría sin invadir la calzada y porque así se delimitaba con la correspondiente línea continua que impide el estacionamiento.

(...) En definitiva, no habiendo quedado acreditado que el vehículo se hallase estacionado en esa fecha en el lugar señalado por la reclamante, y habiendo quedado acreditado que, si el vehículo hubiera estado allí estacionado, ello sería contrario a las normas de circulación, en el presente supuesto de hecho no se acredita, y ello porque no existe relación de la actuación de la Administración con los daños reclamados. Lo que impide necesariamente que los hechos acaecidos puedan ser determinantes de responsabilidad patrimonial para la Administración o mi representada.

Mi representada, contratista del contrato de servicio de mantenimiento, cumplió diligentemente con las obligaciones que tiene encomendadas.

De lo expuesto se deriva necesariamente que no se puede exigir a mi representada ninguna responsabilidad en relación con los supuestos daños. Esto es así porque en todo momento se ha cumplido diligentemente con las obligaciones suscritas como consecuencia del contrato de “Servicio de mantenimiento, atención a incidencias e vialidad invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra”, sin que en el marco de este expediente haya quedado acreditado de modo alguno lo contrario.

Mi representada se hallaba en la fecha en la que supuestamente se produjeron los daños realizando trabajos de limpieza y desbroce de cunetas, precisamente en cumplimiento de sus obligaciones contractuales suscritas y adoptando en su ejecución el máximo nivel de diligencia exigible. Ello sin que conste ninguna incidencia al respecto (ni por parte de mi representada ni de la empresa responsable en materia de Seguridad y Salud) en dicha zona en el día en el que supuestamente se produjeron los daños, ni en días próximos, ni por parte de la ahora reclamante ni de ningún otro conductor.

En consecuencia debe entenderse que mi representada ha cumplido diligentemente con sus obligaciones, sin que exista incidencia alguna al respecto ni prueba que acredite que el daño (de existir) se hubiese producido como consecuencia de ausencia de diligencia de mi representada en la realización de las labores de limpieza y desbroce de las cunetas. Lo que impide apreciar responsabilidad patrimonial de la Administración ni



tampoco una relación de causalidad entre la actuación de mi representada y los daños supuestamente concurrentes, máxime cuando no se había notificado con anterioridad la existencia de incidencia alguna en relación con dichas labores.

Por tanto, no se acredita en el expediente que se incumpliese el deber de mantenimiento de la carretera y no cabe reprochar una ausencia de diligencia en la realización de los trabajos de mantenimiento por cuanto se actuó de forma diligente, realizando las labores con el máximo celo (sin que conste acreditado lo contrario), de manera que exigir una mayor diligencia supondría pretender, de forma desorbitada, que la Administración se convierta en una aseguradora universal, lo que sucedería si se la hiciera responsable de cualquier hecho que acaeciera en la carretera, por muy sorprendente e imprevisible que fuera.

En conclusión, no queda acreditada la existencia de los daños que se reclaman y tampoco queda acreditada la existencia de relación o nexo causal entre el funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos y los daños reclamados. Por lo que no existe título bastante de imputación de responsabilidad a la administración titular de la carretera, al no constar que se hubieren rebasado los estándares que como titular responsable del mantenimiento de la misma debe observar. Asimismo, tampoco consta que la Administración hubiere tenido conocimiento de los hechos, no constando que se hubieren producido otros daños, no concurre la necesaria relación de causalidad entre el daño reclamado (no acreditado) y el funcionamiento del servicio público de carreteras.

Con esto, entendemos que en el expediente administrativo constan probadas las circunstancias de hecho que acreditan el cumplimiento del estándar de rendimiento ofrecido por el servicio público para evitar las situaciones de riesgo de lesión patrimonial a los usuarios del servicio.

Así, los daños reclamados no han sido consecuencia de la acción u omisión de mi representada, habiendo procedido ésta a la adecuada realización de las labores de mantenimiento, sino a factores ajenos a esta parte, e incluso, en eventual concurrencia con la propia culpa del conductor, todo lo cual alteró el nexo causal de forma determinante, sin que, en definitiva, pueda declararse que exista en este caso responsabilidad del titular de la vía (ni de mi representada en su condición de contratista del servicio de mantenimiento, atención a incidencias y vialidad invernal de la red viaria).

Considerando.- Que no presente procedimiento siguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- O servizo de Infraestruturas da Deputación non foi notificado deste incidente, como tampouco foron avisados nin o responsable da empresa contratada nin o persoal de control desta Administración responsable de coordinar e controlar os traballos executados.
- Non houbo constancia deste accidente (nin aviso nin parte de vías e obras) nin o día dos acontecementos nin nas datas próximas, polo que non é posible comprobar a realidade dos danos que se reclaman.
- Non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo, ou por outros similares na citada estrada.
- O ancho da plataforma non está acondicionado para o estacionamento de vehículos; pódese comprobar que está delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento, polo que o coche estaría estacionado nun lugar non habilitado e incumpiría a sinalización da estrada.
- A empresa encargada dos traballos, Construcciones Taboada y Ramos, S.L., alega no seu escrito o seguinte:
 1. Que non acredita a parte reclamante que os danos deriven da actividade de mantemento da estrada.
 2. Que non tiveron coñecemento, así como tampouco o tivo a Administración, nin na data na que supostamente aconteceron os feitos nin en datas próximas.
 3. Tampouco ten constancia a empresa encargada de garantir o cumprimento da normativa en materia de Control de Calidad, Seguridad y Salud, Gestión de Residuos y Gestión Ambiental.
 4. A total ausencia de acreditación dos danos supostamente concorrentes que son obxecto de reclamación sería suficiente para a desestimación íntegra da mesma, xa que corresponde á parte reclamante a carga da proba sobre os mesmos.

Considerando.- Que a reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, por canto nin principio daquela ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica dos feitos e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte o cal tanto o informe do Servizo de Infraestruturas como as alegacións da empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L., se constitúen coma elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.



Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual...

“...Corresponde al actor y al demandado reconviniente la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvenición.”

De tal operación, e a teor do artigo 218 do citado texto:

“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso.”

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que non se tivo coñecemento de dos feitos alegados na solicitude nin se proba pola parte reclamante a realidade fáctica descrita na mesma.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

25.31669.- COMUNICACIONES

Non houbo.

26.31670.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

